

Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía para o día 22 de xullo de 2020

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, en sesión de **ordinaria**, para o **día 22 de xullo de 2020**, ás 17.30 horas, a celebrar no Salón de plenos do Pazo Provincial, e coa seguinte orde do día:

1. 2020/28L/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do 17 de xuño de 2020.

2. DACIÓN DE CONTA DOS SEGUENTES ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO:

- . Modificación do acordo de liquidación de prezos públicos pola prestación de servizos e realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz.
- . Celebración de campamentos de verán e fixación do prezo público en concepto de cota de inscrición.
- . Fixación de prezo público de edicións.

3. 2020/20210D PRESIDENCIA

Informe da Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense, do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico, do Consorcio Provincial do servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio de Augas de Valdeorras correspondente ao exercicio 2019.

4. 2020/18349B PRESIDENCIA

Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias de xestión,

liquidación e recadación en voluntaria e executiva da taxa polo abastecemento de auga do Concello de Rairiz de Veiga

5. 2020/21501N NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista sobre a creación dun fondo extraordinario de axuda aos autónomos, autónomas e pequenas empresas de Ourense afectadas pola pandemia da COVID-19

6. MOCIÓNS DE URXENCIA.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.